

Rosalía en Camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS
MULTILINGÜES 2025

Maria Sevilla

Gonzalo Hermo

Oriana Méndez

Oliver Laxe

**Juan Andrés
García Román**

Castillo Suarez



CASA DE ROSALÍA

Edita:
Fundación Rosalía de Castro

Dep.Legal: C 561-2025
ISBN: 978-84-87668-70-8



Rosalía en camino

DÍALOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES · 2025



Diálogos

Introdución de Chus Pato

Coordinadora de *Rosalía en camiño*

6

Sexan estas palabras a leda benvida para as persoas que participan nesta sexta edición de *Rosalía en camiño*. O noso agradecemento ás e aos poetas. Dígovos, desde este limiar, que con Maria Sevilla gozaremos do pico máis alto da endorfina. Gonzalo Hermo lembraranos que o pracer nunca se atopa na casa; con Oriana Méndez aprenderemos que as carballeiras atlánticas son o dominio do paraíso; Oliver Laxe proponnos unha viaxe pola cinta de Moebius e Juan Andrés García Román elixirá para nós o vinte cinco de abril do 1661 como día máis fermoso da Terra. A voz que protagoniza os poemas de Castillo Suarez confesará que ninguén sabe que a súa casa non é dela –os homes do seu pasado fórona levando anaco a anaco.

Nesta edición a poeta e xornalista Nieves Neira conducirá os diálogos entre os/as poetas.

Sen as traducións de María Ramos Salgado e Jesús Castro Yañez non poderíamos ler en galego os poema escritos en éuscaro e catalán. Contamos de novo con Andrés Currás, o noso fotógrafo de cabeceira.

O ramo hano poñer o grupo musical aTorna, composto por un catalán e dous de Ourense.

Nada sería posible sen Rocio Castro e Anxo Angueira.

Maria Sevilla abre esta súa selección cun poema ao que lle acae aquela idea de que a lingua da poesía é a mesma de uso cotián, pero levada a punto de efervescencia ou ebulición. Un “Principio activo”, un *pharmakon* que nos leva “cara o canto vivo/do pico máis alto da endorfina”. Pecha cun diálogo entre unha humana e unha gata, creo. O poema pregúntase –e nós con il– sobre as vantaxes e desvantaxes de ter ou non ter unha voz que se articula en palabras. “Se falas libérote da condición animal/ pero condénonos/ á diglosia”. Entre apertura e peche, catro poemas de *La nit ovívvara* que evidencian que a noite non se reproduce igual que o día. Na noite a luz non vén de ceo, acóchaa a Terra na súa entraña e é o abismo quen olla para nós e nos determina. Finalmente dous poemas inéditos, ambos reflexionan sobre a linguaxe humana: sobre o indicible e a posibilidade de que o mundo poida ser lido; sobre como o uso dos idiomas garda relación de extinción ou non extinción coa preservación do hábitat no que son falados “desertos semánticos/ labios lamentos”. Sen dúbida –non pode ser doutro xeito nunha rapsoda– o seu é un poema cordial.

7

Gonzalo Hermo ofrécenos poemas do seu último libro *Un xesto de tenrura*. Neles a escritura parece regresar dalgún dos lugares do indicible e sabe que “falta unha lingua/capaz de o dicir”. Non lle queda outra ao poeta que fracasar a conciencia, fracasar mellor tal e como quería Beckett. Queima a luz destes versos, este idioma de lume que nos atravesa e nos abandona á lucidez da mente, á dor e á indixencia dos límites; e ao amor. “Tempo./ sé xeneroso comigo” velaí a “Súplica” de quen precisa de novo nacer. “A Lingua” materna serán vimbios cos que tecer ese volver luminoso, unha lingua que non ofrece máis certeza que a experiencia da paixón, que se balbuce antes de entender o idioma natal, “tensa membrana que atoa o meu silencio”. A posibilidade do erro, a ruptura coa tradición familiar –a fortaleza de catro xeracións de mariñeiros–, a dor e a felicidade que implica poder elixir libremente e, sobre todo, a liberdade de amar. Un verso de Keats acompaña o espléndido “A distancia”, verso que o poeta traduce “o pracer non se atopa nunca na casa”. A lealdade á beleza dun instante, “só un corpo tocado pola luz”, “un sinal na mirada que te recorde por dentro”.

Oriana Méndez bríndanos “Tres cabaliños en fuga” –inéditos– e dous poemas de *chairas sucesións*. Na serie que hoxe estreamos unha presenza maniféstase desde unha zona anterior aos sapiens, pertence ao planeta como as rías lle pertencen e dous territorios que se miran — avanza. Un é ardido. Noutro lemos: “O lugar en que danza a carballeira atlántica é o dominio do paraíso”. Finalmente cabaliño branco dixo “salta”, cabaliño segundo vence os mapas e a orografía. O terceiro “soamente ve/ esta luz inmóbil no medio da caída”. Sabemos que en *chairas sucesións* o número é o dous, porque dous son os amantes, dous os que ven precisamente o mesmo que non podían ver. Entre dous é unha esfera o que se crea, un corazón-fábrica, a produción interminable dun ceo. Ninguén, cando dous entraron, soubo dar conta do seu nome; nada sabían de si. Pero “abrazo é un dicir de dous”. O poema escribe a súa clarividencia e a súa demanda, advirte: se coñeces a fisura “a vía secreta de auga/ en silencio para o mundo/ que nos alía/ non a deixes// non a deixes caer”. Nos versos en que a poeta dialoga con Rosalía de novo un cabalo soña “cunha pradeira que ninguén puido ver aínda”.

8

Oliver Laxe elaborou unha escolma para a nosa reflexión e goce. Quizais a voz que fala no primeiro poema e no último sexa a mesma; quizais a diferenza estriba en que a voz camiñou os seis poemas restantes. A soberbia foi vencida: quen le, quen escribe, aceptou a vulnerabilidade do seu existir. A chave para esta viaxe de ida e volta puidera ser a cinta de Moebius, lémosla así: en Whitman “I am there... I help...”, en Alberto Caeiro “Sou qualquer coisa natural... uma árvore antiga”, nas preguntas de Ashbery “poderá recoñecerte cando te vexa?”, no tesouro que as ruínas agochan nos versos de Rumi, na proposta de Novalis –os amantes son superiores ao saber do erudito– no temible xuízo de Armel Guerne –ti verás se prefires condenarte ou que a túa alma pese o mesmo que unha pluma–. As fotografías pertencen ao arquivo persoal do cineasta: na primeira, dous meniños van no carro, axudan; na segunda, o automóbil vai ao teu encontro e só un anxo, aquel que ten cabeza de león e corpo humano, pode viaxar a tal velocidade. É, sabémolo, o anxo da Historia, o que pintou Paul Klee, o animal que guiou a escritura do evanxeo de San Marcos, aquel ao que o trebón que sopra desde o paraíso non lle permite impedir a catástrofe.

A escritura de **Juan Andrés García Román** permítenos un acceso directo ao mundo onírico dos poemas (ollo, non falo de surrealismo), ás imaxes, aos símbolos, aos signos que os constitúen, aos seus intres felices e aos góticos terrores. Sosteo que son perfectos e intraducibles sen que isto lles reste comprensión en calquera idioma. Son tan esplendidamente carnaís –nunca sensitivos– que nacen e nun só día se extinguen para reencarnarse de inmediato. Na duración dunha rotación os versos de Juan son quen de hospedar non un *big bang*, senón unha serie infinita de comezos e finais. Entre un eón e outro aínda lles resta tempo para que “en nuestra sangre/ se refleje el edén” e “oh injértame los tuétanos/ en melocotoneros/ florecidos” porque os poemas soñan con todos os poemas que foron e serán no futuro. Compre un ouvido absoluto para descifrar e transcribir eses soños. No terceiro texto atoparedes instrucións para conducirvos na vida; no cuarto, un convite para voar en carro tirado por unha paxariña única. E no quinto comprenderedes que o día máis fermoso da Terra foi o 25 de abril de 1661 “sí cuando el rey era el rey pero todo era libre”.

9

Todos os poemas de **Castillo Suarez** pertencen a *Elkar/Alaska*. E se ben é certo que os libros de poemas non teñen argumento, poderíamos dicir que unha voz única vai presentando as diversas vivencias que constitúen o seu estar no mundo. Lemos e ao tempo escoitamos esa voz que constrúe escenarios, tempos, mínimas narracións, pensamentos, decisións, balances... que dan conta dunha música, dunha tonalidade que a escinde continuamente de si mesma. Ou –dito con outras palabras– que a separa do que ela considera un estado achegado ao benestar. Son poemas nos que todo o que promete ser feliz se nos revela imposible. Todo o que se acocha debaixo das alfombras, iso que fermenta e nos dana, é ponderado polos poemas. A voz acepta a situación de desengano continuo, pero en realidade non se resigna en ningún momento. Chega a un hotel e así define “as habitacións de hotel/ dormitorio dobre no que hai unha persoa”. “Poética” é o título dun dos poemas; eu engadiría que o extraordinario “Nenos solitarios” é tamén unha boa definición desta escritura disciplinada e tenra da poeta.

Soutolongo, abril, 2025



Maria Sevilla

Maria Sevilla (Badalona, 1990) publicou catro poemarios e unha plaquette: *Dents de polpa* (2015), *Kalàixnikov* (2017), *if true: false; else: true* (2020), *Plastilina* (2021) e *La nit ovípara* (2024). En 2024 tamén publicou o seu primeiro ensaio, *No desitjaràs els béns del proïsme*.

Experimentou coa poesía sonora e o videorecital, recitando en festivais de todo o mundo, e desde 2019 é unha das programadoras de Horiginal, un espazo de eventos poéticos.

Sevilla é ademais investigadora e profesora asociada de Lingua e Literatura Catalá na Universitat de Barcelona.

Principi actiu

Vine, aimeta mia,
fosc viarany, dolça metzina.
Pren-me de la mà,
ignot secret, pols diamantina.
Vine i 'nem plegats
pel corriol dret que s'enfila
fins al caire viu
del pic més alt de l'endorfina.

Vine, aimeta mia,
espès xarop, negra reïna.
Endu-te'm dins del bosc
fins que estrafem totes les vies.
Vine i 'nem plegats
fins la frontera clandestina.
Fins que enllà del bosc
se'ns torni tot de purpurina.

Vine, aimeta mia:
suau, manyaga i de juguina.
Pren-me i jo seré
el cadell fidel que t'endevina.
Endu-te'm mar endins,
ignot secret, pols coral·lina.
Pren-me si vols ser
el tirà cruel que m'enverina.

Principio activo

Ven, miña amiga,
escuro vieiro, doce medicina.
Cólleme da man,
ignoto segredo, voaxa diamantina.
Ven e vaiamos xuntos
polo vieiro recto que enfila
cara ao canto vivo
do pico máis alto da endorfina.

Ven, miña amiga,
basto xarope, negra resina.
Lévame para o bosque
ata desfigurarmos todas as vías.
Ven e vaiamos xuntos
ata a fronteira clandestina.
Ata que alén do bosque
todo se nos volva de purpurina.

Ven, miña amiga,
lilaina suave e velaíña.
Tómame e serei
o cadelo fiel que te adiviña.
Lévame a mar aberto,
segredo ignoto, voaxa coralina.
Tómame se queres ser
tirano que cruel me contamina.

Endu-te'm dins la mar
fins que siguem escuma viva.

Dins la mar tan gran
i el pic més alt de l'endorfina.

Vine i 'nem plegats,
aimeta mia, ballarina.

Vine serpentina,
alquímia lluenta i cristal·lina.

Dona'm, vida mia,
un xic de pa, un poc de propina.

Sigues clementina,
espina cruel, ànsia canina.

Porta'm fins al fons
del pic més fosc de l'agonia,
i enlaira'm també al cim
del pic colgat de dopamines.

Vine, aimeta mia,
dolça ruïna: enteranyina'm.

Deixa'm ser el gosset
que et va radera i peregrina:

vine i 'nem plegats
pel corriol dret que s'enfila
fins al caire viu
del pic més alt de l'endorfina.

Lévame mar a fóra
ata sermos escuma viva.

Ao medio do ancho mar
e ao pico máis alto da endorfina.

Ven e vaíamos xuntos,
miña amiga, bailarina.

Ven serpentina,
alquimia brillante e cristalina.

Dáme, miña vida,
un chisco de pan, algo de propina.

Sé compasiva,
espiña cruel, ansia canina.

Lévame ata o fondo
do pico máis fusco da agonía,
e elévame tamén ao cume
do pico cuberto de dopamina.

Ven, miña amiga,
arañeira mesta, doce ruína.

Déixame ser o cuzo
que che anda ao rabo e peregrina:

ven e vaíamos xuntos
polo vieiro recto que enfila
cara ao canto vivo
do pico máis alto da endorfina.

Fotosíntesi

*La llum del dia és per mirar la terra,
la de la nit per contemplar lo cel.*

Jacint Verdaguer

El repòs vegetal és la mentida
d'una labor molt lenta
que consisteix a guardar sota terra
la claror per deixar lluir lo cel.

Els combustibles fòssils,
llavors, són molta llum acumulada;
botànica invisible d'un carboncle
extint com flor d'aubaga:

el foc que va amagar-se entre les pedres
per fer brillar lo cel
avui ha embrutat les ales dels coleòpters.

Demà cremarà les selves infèrtils
de tots els fills que no tinc ni tindrè.

La nit ovípara
(Documents Documenta), 2024.

Fotosíntese

*La llum del dia és per mirar la terra,
la de la nit per contemplar lo cel.*
Jacint Verdaguer

O repouso vexetal é a mentira
dun labor moi lento
que consiste en gardar baixo terra
a claridade para que así luza o ceo.

Os combustíbeis fósiles, logo,
as sementes, son moita luz acumulada;
botánica invisible dun carbúnculo
extinto coma a flor do avesío:

o lume que se agochou entre as pedras
para deixar brillar o ceo
hoxe luxou as ás dos coleópteros.

Mañá queimará as selvas infértiles
de cantos fillos non teño nin hei ter.

La nit ovípar
(Documents Documenta), 2024.

Bee Orchid

eco sin pausa de lo hueco

Olvido García Valdés

Ja no existeix, però va haver-hi una abella
i tot el que ara en resta és la pintura
d'una planta moribunda.

No existeix, però encara hi ha una orquídia:
el seu calze recull de forma obliqua
el testimoni d'una absència.

18

I jo no el sé, però deu haver-hi un pacte
secret entre la lírica obstinada
de la pèrdua i una flor
que potser mai sabrà l'olor que té
però encara sap l'insecte, fa molt temps,
que va pol·linitzar-nos:

tu ja no hi ets, però el teu record és agre
i persisteix com sentir el gust d'un mateix
en els genitals de l'altre.

La nit ovípara (Documents Documenta), 2024.

Bee Orchid

eco sin pausa de lo hueco

Olvido García Valdés

Xa non existe, pero houbo unha abella
e todo o que queda é unha pintura
dunha planta moribunda.

Non existe, pero aínda hai unha orquídea:
o seu cáliz recolle de forma oblicua
o testemuño dunha ausencia.

E eu non o sei, pero debe de haber un pacto
secreto entre a lírica obstinada
da perda e unha flor
que talvez nunca saberá do olor que ten
pero aínda sabe do insecto que, xacando,
nos polinizou:

ti xa non estás, pero o teu recordo é agre
e persiste coma sentir o gusto dun mesmo
nos xenitais do outro.

La nit ovípara (Documents Documenta), 2024.

Humilitas

Va dir-me:

no en saps res
de la modèstia omnívora de l'humus
i evites de parlar dels organismes
que t'habiten. Només t'has atrevit
a insinuar-la en blanc i negre,
la sang.

Mai no has pensat, humana,
que tu també ets menjar.

La nit ovípara (Documents Documenta), 2024.

Humilítas

Díxome:

nada sabes
da modestia omnívora do humus
e evitas falar dos organismos
que te habitan. Soamente ousaches
insinualo en branco e negro,
o sangue.

21

Nunca pensaches, humana,
que ti tamén es xantar.

La nit ovípara (Documents Documenta), 2024.

Zoològic

*No animal confirms man,
either positively or negatively.*

John Berger

o olho dos bichos é uma pergunta morta.

Hilda Hilst

Només la gorja silenciosa
dels animals em parla
amb el llenguatge opac dels dissolvents
que em desfan les pupil·les i, després,
em deixen a mercè
de les pestanyes infinites dels antílops
les brànquies de l'escrita
la mà tota sencera dels plantígrads
l'orella no visible dels cetacis
l'antena dels esfingids
la son mandibulada dels crustacis
els ulls atents dels còrvids
els ulls buits de la mantis
els ulls caient al fondo d'un talús
continental

el caient d'ulls

que em vigila pacient des de les ombres
l'estómac dels carnívors
la supèrbia dels roures.

Se'm lignificaran
les còrnies amb la veu a dins:
des de l'abisme que no veig
la fosca em mira a mi.

Zoológico

*No animal confirms man,
either positively or negatively.*

John Berger

o olho dos bichos é uma pergunta morta.

Hilda Hilst

Só a gorxa silenciosa
dos animais me fala
coa linguaxe opaca dos disolventes
que me desfán as pupilas e, despois,
me deixan a mercé
das pestanas infindas dos antílopes
as branquias da escrita
a man toda dos plantígrados
a orella non visible dos cetáceos
a antena dos esfínxidos
o sono mandibulado dos crustáceos
os ollos atentos dos córvidos
os ollos baleiros da barbantesa
os ollos caendo ao fondo dun noiro
continental

a caída de ollos

que me vixía paciente desde as sombras
o estómago dos carnívoros
a soberbia dos carballos.

Lignificaránseme
as córneas coa voz por dentro:
desde o abismo que non vexo
o escuro mírame a min.

Pagèsiques

*El cel és indicible. Els arbres s'hi aboquen,
l'alletren, però el cel és indicible.*

Perejaume

*Din que non falan as plantas, nin as fontes, nin os paxaros,
nin a onda cos seus rumores, nin co seu brillo os astros,
dino, pero non é certo.*

Rosalía de Castro

I el cel és indicible
però la matèria vibra i el transcriu:

tot és donat a ser llegit.

24

Com els teus dits, donats
a la botànica. Lectors de l'arribada
imperceptible d'un nou brot,
d'un altre orgasme. O les mans, donades
a contenir rescloses amb tendència
al creixement sobtat –com jo, donada
a les riuades

 i el terreny, donat
a l'erosió, donat a l'alfabet
sedimentari dels barrancs, les valls,
les falles

 de la son
insubornable dels meandres
com caminets de moc cristal·litzat
d'una llimaga. Com un còdol
llepat per la memòria.
Arrodonit com la història de vida
a l'interior d'una egagròpila:

Pagèsiques

*El cel és indicible. Els arbres s'hi aboquen,
l'alletren, però el cel és indicible.*
Perejaume

*Din que non falan as plantas, nin as fontes, nin os paxaros,
nin a onda cos seus rumores, nin co seu brillo os astros,
dino, pero non é certo.*
Rosalía de Castro

E o ceo é indicíbel
pero a materia vibra e transcríbeo:

todo é dado a ser lido.

Coma os teus dedos, dados
á botánica. Lectores da chegada
imperceptible nun novo abrocho,
doutro orgasmo. Ou as mans, dadas
a conter esclusas con tendencia
ao crecemento súbito –coma min, dada
ás ametencias

e o terreo, dado
á erosión, dado ao alfabeto
sedimentario dos barrancos, os vales,
as fallas

do sono
insubornable dos meandros
coma regos de moco cristalizado
dun limaco. Coma un pelouro
lambido pola memoria.
Arredondado coma a historia de vida
no interior dunha egagrópila:

–matèria indigerible
relats no-intercanviables
exacta biografia
carícia dels estrats.

La intimitat calenta d'un estómac
és tan lluny
com una veta de quars intraduïble

i el cel és indicible,
però els materials afloren, el cant vibra

i el món tot és donat a ser llegit.

Inèdit.

–materia indixerible
relatos non-intercambiables
exacta biografía
aloumiño dos estratos.

A intimidade quente dun estómago
queda tan lonxe
coma unha vea de cuarzo intraducible

e o ceo é indicible,
pero os materiais afloran, o canto vibra

e o mundo todo é dado a ser lido.

Inédito.

Sonora

*Augana é a palabra que os e as limiás usaban,
se cadra aínda o fan, para sinalar un nenúfar
cando na Antela florecían. Nós, nadas no ano da
desección, nunca as vimos, moito nos prestaría
escoitar a alguén vivo ou defunta pronunciar
«augana» e de vez ver cos ollos da lembranza
o referente flotando sobre as augas.*

Chus Pato

Però un codi hegemònic
també és
l'acidificació dels oceans,
els pedagogs,
les macrogranges

i l'ús social del català
també té a veure
amb la preservació de les riberes,
dels boscos de pi negre,
del gall fer, *das auganas*:

m'has ensenyat la diferència
entre el groc de la colza
i el groc corporatiu de l'aerolínia qualsevol
que llaura el cel d'abril a aquestes hores,
però en tots dos casos dius que

el resultat és un silenci monocrom.

Fa temps
que ens fem petons i és com omplir-nos
de sorra i pols les boques:

deserts semàntics,
llavis de llimosa.

Inèdit.

Sonora

*Augana é a palabra que os e as limiás usaban,
se cadra aínda o fan, para sinalar un nenúfar
cando na Antela florecían. Nós, nadas no ano da
desección, nunca as vimos, moito nos prestaría
escoitar a alguén vivo ou defunta pronunciar
«augana» e de vez ver cos ollos da lembranza
o referente flotando sobre as augas.*

Chus Pato

Pero un código hexemónico
tamén é
a acidificación dos océanos,
os pedagogos,
as macrogranxas

e o uso social do catalán
tamén ten que ver
coa preservación das ribeiras,
dos bosques de piñeiro montaños,
da pita do monte, das auganas:

ensináchesme a diferenza
entre o amarelo da colza
e o amarelo corporativo de calquera liña aérea
que labra o ceo de abril nestes intres,
pero en ambos os dous casos dis que

o resultado é un silencio monocromo.

Hai tempo
que nos damos bicos e é coma enchernos
de area e po as bocas:

desertos semánticos,
labios lamentos.

Inédito.

[m.ráw]

A la Loba

Bilabial, ròtica, diftong.

Bilabial, ròtica, diftong.

Jo em limito
a contestar amb cadenes fricatives
que intueixo
que pressento
m'afiguro
o que m'han dit
que tu perceps millor

–ets una gata i també diuen
que el primer llenguatge és la resposta:

bilabial, ròtica, diftong

bilabial, ròtica, diftong.

La teva llengua és aspra.
La meva és una màquina de fabricar silencis i
per això en diem *llenguatge*
i no *pelatge*, per exemple.
I per això tens nom però no et dius

bilabial, ròtica, diftong

bilabial, ròtica, diftong

o frec entre les cuixes
carícies anisades a les temples
idil·lis per osmosi de palíndroms
fricció de feromones

[m.ráw]

Á Loba

Bilabial, rótica, ditongo.

Bilabial, rótica, ditongo.

Eu limítome
a contestar con cadeas fricativas
 que intúo
 que presinto
 que me figuro
 ou que me dixeron
que ti percibes mellor

–es unha gata e tamén din
que a primeira linguaxe é a resposta:

31

 bilabial, rótica, ditongo

 bilabial, rótica, ditongo.

A túa lingua é áspera.
A miña é unha máquina de fabricar silencios e
por iso lle chamamos *linguaxe*
e non *pelaxe*, por exemplo.
E por iso tes nome pero non te chamas

 bilabial, rótica, ditongo

 bilabial, rótica, ditongo

ou rozadura entre as coxas
aloumiños anisados nas tempas
idilios por osmose de palíndromos
fricción de feromonas

llavors secretes rastres invisibles
els índex de pH d'una promesa
o el gust d'unes pupil·les

–l'absència de paraula
és privació o coreografia?

La teva llengua és aspra.
La meua és una màquina de vulnerar silencis
perquè un nom
és una rúbrica és la veu indivisible
és la condensació
que et fa goteta
i precipita
al dins del jardinet del món aural
que a mi em fa humana i delimita
–però sé que batejar-te.

32

Però sé que batejar-te és posseir-te.

I que potser l'absència de paraula
llavors no és privació.
Llavors no és privació, és coreografia:

els llops udolen, però els gossos van aprendre a bordar perquè dins
del jardinet humà parlar importava. També els gats haurien començat
a miolar com un gest d'infinita apropament sense apropiació
possible al nostre interior verbal privat

–vedat de caça.

El que vull dir
és que l'abisme íntim que jo ignoro
ens precipita
a fer-te convergir al meu llenguatge:

sementes secretas rastros invisibles
os índices de pH dunha promesa
ou o sabor dunhas pupilas

–a ausencia de palabra
é privación ou coreografía?

A túa lingua é áspera.
A miña é unha máquina de vulnerar silencios
porque un nome
é unha rúbrica é a voz indivisible
 é a condensación
 que fai unha pinguiña
 e se precipita
ao pequeno xardín do mundo aural
que a min me fai humana e delimita
–pero sei que bautizarte.

33

Pero sei que bautizarte é posuírte.

E que talvez a ausencia de palabra
daquela non é privación.
Daquela non é privación, é coreografía:

os lobos ouvean, pero os cadelos aprenderon a ladrar porque dentro do
pequeno xardín humano falar importaba. Tamén os gatos comezarían a
miañar como un xesto de infinita aproximación sen apropiación posible
ao noso interior verbal privado

–couto de caza.

O que quero dicir
é que o abismo íntimo que ignoro
nos precipita
a facerte converxer cara á miña linguaxe:

bilabial, ròtica, diftong

bilabial, ròtica, diftong.

Si parles et batejo.
Si parles t'allibero de la condició animal
però ens condemno
a la diglòssia.

La meva, incapaç
de respectar el silenci de les bèsties.
La teva, incapaç
de no cedir a la traducció:

bilabial, ròtica, diftong

34

bilabial, ròtica, diftong.

Potser domesticar-se
que ve de *domus*, casa, és reconèixer
que no sé si és jardí o vedat de caça,
aquesta llengua.
Que en som còmplices fora però, a dins, preses
i que si el teu pelatge
té un nom només per mi, no l'he sentit.

Tampoc no sé quina fonètica
traeixes quan em dius:

bilabial, ròtica, diftong

bilabial, ròtica, diftong.

Inèdit.

bilabial, rótica, ditongo

bilabial, rótica, ditongo.

Se falas bautízote.
Se falas libérote da condición animal
pero condénonos
á diglosia.

A miña, incapaz
de respectar o silencio das bestas.
A túa, incapaz
de non ceder á tradución:

bilabial, rótica, ditongo

bilabial, rótica, ditongo.

35

Talvez domesticarse
que vén de *domus*, casa, é recoñecer
que non sei se é xardín ou couto de caza,
esta lingua.
Que somos cómplices fóra pero, dentro, presas
e que se a túa pelaxe
ten un nome só para min, non o escoitei.

Tampouco sei que fonética
traizoas cando me dis:

bilabial, rótica, ditongo

bilabial, rótica, ditongo.

Inédito.



Gonzalo Hermo

Gonzalo Hermo González (Rianxo, 1987) foi recoñecido, entre outros, co Premio da Asociación da Crítica Galega, o Premio Nacional de Literatura na modalidade de Poesía Moza «Miguel Hernández» ou o XXII Premio de Poesía Miguel González Garcés. Publicou *Crac* (Barbantesa, 2011), *Celebración* (Apiario, 2014) e *A vida salvaxe* (Pen Club Galicia, 2018). É autor da novela *Diario dun enterro* (Galaxia, 2019), Premio de Narrativa Breve Repsol. *Un xesto de tenrura* é o seu máis recente traballo poético.

É doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, foi profesor na Universitat Autònoma de Barcelona. Actualmente traballa como docente de ensino medio en Cataluña.

Cantares gallegos
dialogando con «Castellanos de Castilla»

[Os poemas a seguir
pertencen a *Un xesto de tenrura*
(XXII Premio Miguel González Garcés, inédito)]

i

38

Vexo o ollo e véxovos a vós
pola travesa.

A man encinta unha orla nos bordos da pupila.

Vós observades ese órgano
e a man rastrexo unha fenda pola súa superficie.
Un oco que sangra e non se ve,
que acaso se presente polo tacto.

A man enléase na busca e sofre.
Unha manda de insectos apíñanse no centro.

ii

Soubemos da existencia dos insectos polos tratados dos grandes sabios.

Os dedos da man percorren a pupila e non a manchan.

Os dedos da man están sucios.

O tacto, a vista e todos os sentidos
procuran na carne do ollo o que o ollo non di,
que unha fenda agroma desde dentro da retina.

O que haxa na fenda non nos asusta.

Asústanos non a atopar.

39

iii

Un sabio é unha persoa que ve.

A fenda segue aí e os insectos continúan a apiñarse.

E o tempo pasa.

iv

Houbo unha época en que as persoas non buscaban a fenda do ollo
e os insectos se espallaban libremente polas brañas
como nenos ceibos na hora do recreo.

Isto sucedeu antes dos sabios e das grandes catástrofes.

Vós agora franqueades a sombra do ollo.

Erguedes un muro que vos separa da luz
e habitades a noite.

Estades por detrás

onde se amorean os insectos en mandas e un frío glacial
ameaza con varrernos.

v

Pero que insecto, que ollo, que verso de que sabio
vos dobrega
ata dar cos dentes no chan
e babexardes
como animais devotos que soñan con espiñas.

Ruído de guerra,
digo.

41

E un vento ávegro que bate do nordés.

Esta é a devoción dos reprobados.

Este o castigo da desposesión.

Amámolo porque nos necesita.

Conspiramos contra el como un exército de bocas / que se traban.

Publicado en *De Cantares hoxe. 35 poetas dialogan cos*
Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, Fundación
Rosalía de Castro / Radio Galega, 2014.

Súplica

Sucedede ás veces que un vento manso retumba entre os tabiques
e o corazón mestura os rostros e os camiños, as cidades e os corpos, a
palabra e o xeo.

Sucedede ás veces que o vento bisba desde fóra e entra á casa
o aire da ría, e se desata de pronto a aura das cousas —o seu resplandor
luminescente—
igual que no peito das aves
aluma o inverno.

Sei que a experiencia é transcendente decontado
—o vento entrando á casa, o abaneo da madeira cando renxe—
pero falta unha lingua
capaz de o dicir

e volvo de repente ao porto de Burdeos
a camiñar polo esteiro á hora do solpor
coa mesma claridade con que souben daquela
que estaría só por moito tempo.

Lembro sobre todo o meu corpo na distancia
tratando de buscar
nomes vellos nas paisaxes que albisca:

os amieiros do Sarela, se os miras ben,
teñen a tristeza dos arrozais do Ebro

e pode o aroma a romeu dun bosque en Tarragona
evocar unha mañá de domingo na praia dos Mañóns
en que alguén entoaba un arrollo para acougar un meniño
mentres subía a marea.

Que doado é regresar agora
a aquel recuncho de Bushwick,
entre pranchas de metal e cheiro a especias,

e ver de novo Buenos Aires desde o ceo
cos mesmos ollos abraiados con que viu meu avó
Venezuela desde o mar.

O frío de Ottawa que non volverei sentir. Lectura nunha igrexa baptista,
con escala en Reiquiavik: unha paisaxe alucinada.

A calor nunha caravana en Meteora: o amor
prendía daquela en todos os recantos.

Que lento o aire cando chega
dalgún lugar perdido da ría e entra á casa.

43

Que lentas as emocións
que non foron quen de espertar cando cumpría.

Tempo,
sé xeneroso comigo.

Dáme de novo
a vertixe do lenzo por pintar,

o abismo do verso.

Só quixen un corazón que se espallase libre
coma unha carta de afectos.

Dáme a luz das cousas que brillan neste instante.

Concédeme outra vez o seu principio.

A lingua

Aprendín a falar antes de tempo.
Cando menos, iso di miña nai.

Teño que crela. Aínda amo as conversas
que se estenden máis alá da certeza dos feitos,
cando a palabra despraza a experiencia
co nervio da paixón.

Renunciei á lingua algunhas veces. Tamén por amor.
Pero non houbo ocasión en que o poema me falase
nun idioma diferente
a aquel que balbucín antes de entendela.

44

Masa sonora dos días que non lembro,

música remota que aínda creo sentir
cando me estiro na herba unha tarde de agosto
e, abalado pola brisa, vou adormecendo.

Lin algunha vez nalgún lugar
que só permanece a lingua do berce.

Algo daquel canto fica en min:
tensa membrana que atoa o meu silencio.

Fillo único

Temos mala sona,
pero aprendemos axiña a estar sos.

Botei en falta un igual
na escala da familia:

alguén a quen amar ou odiar
serenamente,

perseguido por idénticos fantasmas.

Se cadra a miña Providencia
foi tamén a miña sorte:

ser abandonado
deume o alento para volver a min

e puiden xulgar con frialdade
a miña propia historia.

Fun libre para equivocarme,

para confundir a paixón
co punto de partida.

Á maneira de Cavafis

Corpo meu,

tes a fortaleza de catro xeracións de mariñeiros.

Por que amas a terra
se fuches concibido para botarte ao mar?

Por que prefires o río,
o lento encorarse da auga nos meandros,

á forza das mareas cando a lúa se aliña
nas horas derradeiras dunha noite de verán?

A saúde da caste non foi abondo para ti.

Probaches o vento nas montañas,

e na viaxe de regreso que te impós comezar
atopas de novo o salto
entre a paixón e a orixe

coma o bico dun monte mergullado
nun océano sen illas.

A distancia

Pleasure never is at home.

J. Keats

I

Hai unha distancia entre ti e eu
que non pode salvarse.

Pero o pracer non se atopa nunca na casa.
Estou contigo do xeito máis íntimo
en que un home pode estar cun igual

e neste recuncho onde a mañá
espreita polas xuntas da persiana,

a luz acariña os nosos corpos
dun modo semellante a como treme
na pupila dun pintor.

Encóntraste tan preto que parece
que non podo tocarte.

Se te deses achegado un pouco máis,
a noite estendería o seu veo sobre nós
para volver confundirnos un co outro:

o latexo de quen,
de quen o corazón que empurra o sangue dentro.
É un momento moi breve: non temos memoria.
O meu tacto esvaece no teu completamente.

Son leal á beleza dese instante.

Mírote desde a porta. Estás durmido.

Non hai unha lei que explique
que a túa pel resplandeza agora mesmo,

pero brilla como se nacesse para captar a luz.

Polas paredes ecoan ruídos de xornada matutina:
o son dunha cunca de café que treme no prato.
Un bocexo resignado mentres se abre unha billa.

Repaso a silueta do teu corpo
coa atención dun neno que aprende a debuxar
observando os seus maiores

e en cada prego da carne
descubro un xeito diferente de pactar
a miña relación co mundo:

un vínculo chamado a perdurar a este momento
que se parece ao fogar porque é inevitable.

Se puidese escoller, escollería ser pintor
e poder reproducir os trazos do teu corpo
do xeito preciso como o estou mirando agora.

A técnica no pulso dun mestre de academia.

O xesto febril dun artista na mirada.

3

Achégome a ti. Respiras lentamente.

Daría cada un dos meus recordos máis felices
por non interromper o teu descanso,

pero cando a miña man roza o teu cabelo
semellas espertar por un instante,

expiras longamente, bosquexasme un sorriso
e reclínaste máis sobre a almofada
como buscando algún recendo que perdiches entre tanto.

É o ritual da despedida,
pero non hai nada triste que limite o seu efecto:

49

só un corpo tocado pola luz
soñando talvez co canto dos paxaros
ou correndo polos campos unha tarde de abril
nalgún dos lugares máis queridos da infancia.

Sei que levarei algo comigo mentres marcho.

Non a imaxe do teu corpo durmido,
senón algo material.

Un sinal na mirada que te recorde por dentro.



Oriana Méndez

Oriana Méndez Fuentes (Vigo, 1984) publicou os libros de poesía *Derradeiras conversas co capitán Kraft* (Galaxia, 2007), *Cero* (Galaxia, 2011), *O que precede a caída é branco* (Premio de Poesía do Concello de Carral, 2015), *O corazón pronúnciase extenso* (Premio de Poesía Rosalía de Castro, 2019), *Interna* (Premio de Poesía Afundación, 2020) e *chairas sucesións* (2023). Outrosí, os seus textos recóllense en antoloxías e revistas en castelán, portugués, inglés e francés. Ademais, ten traducido do francés a Marguerite Duras e Arthur Rimbaud, xunto con Tamara Andrés, traballo que lles valeu o Premio Plácido Castro de Tradución. Colabora como crítica cultural en *Faro de Vigo* e *El Salto*. É profesora de ensino medio.

Abride a fiestra, que quero ver o mar.
Rosalía de Castro

Abro a ventá e velaí estou
no cumio da cidade
lindando co ceo
axialmente unida a un cabalo que soña
cunha pradeira que ninguén puido ver aínda

o seu alento álzase na brétema
dirixo co poder das miñas mans sobre as rédeas
as súas fauces máis aló das nubes e
esparéxese en eco e brillo imaxinario
a súa respiración
exhala espuma e
todos esas diminutas colisións de luz no aire

desde o cume vemos cabalo e mais eu
rachar en dous alá embaixo o casco dun
maxestuoso buque desprenderse en cores
as mercadorías e logo vémolos xa
varado eterno no ventre da marea

tocados pola graza do sol
entramos no poema
cabalo e mais eu sendo un coma
o equinoccio en San Miguel de Celanova
e é por pensalo o poema
un soño lisérxico un relanzo
é un claro de bosque que non existe
agóchase aquí onde me predispuxeron
a vivir e morrer neste territorio do meu corpo
a miña cidade que si existe, e aínda
dígoche ven comigo para que non sexa
Eu contigo coma un monte e outro monte...
Ti e mais eu sen encontro neste mundo

54

...

De medio a medio a pregunta nace:
se nada nos sostén se non existe
cómo vemos desde o alto o máis alto
acariñando o ceo cómo vemos
a fracción dun barco sacudido por que forza
e logo varado no ventre da ría
e logo co mar por dentro dos anacos
de buque no ventre do cabalo
e entramos no poema
cómo imos neste rodopío
que non se pecha en hélices en espirais
se nada nos sostén:

Pecha os ollos

Coma o lombo dunha besta esgotada
que non quere xinete
o mundo prosegue no mundo a cada volta
e por si só
todo o que ten peso comeza a caída
e de novo esperta
é o horror de ser e seguir sendo

Pecha os ollos

Gardo baixo a lingua
este pensamento encapsulado
trágo e acéndoo
cada noite mentres durmo
a cada noite mentres non durmo e abro a fiestra:
o seu alento álzase na brétema
dirixo co poder das miñas mans sobre as rédeas
as súas fauces máis aló das nubes

...

A febre é amor azul azul

(inédito)

Tres cabaliños en fuga

Véxote a través do vento pero ingrávigo cóbreste por algunha materia que treme, unha membrana de esperanza: estou a soñar?

É o interior da casa, lembro ben? Os muros non os distingo da néboa nin do alento do teu corpo ou do aire nesta *presenza* que se manifesta entre o mundo e o meu sentido da vista: todo aquilo ao que os ollos asisten está atrevesado alguén cruza unha tea un lenzo que non me explico cruza constantemente a mirada seino como sei que o océano abre e fende por este litoral a terra: estás aquí, cubertas ingrávitas as túas partes por algún espellismo

56

Digo unha verdadeira imaxe unha visión anterior ao símbolo espectro que non deseñou a man do home ningunha man nin soño do home baixo sospeita destas formas, vibrátiles, unha aparición efixie libre o rostro, lava irresolta, acéndese

aparece aquí drenada polo vendaval abrazada polo neboeiro a visión; podería ser a dunha dorna fada que ves e non ves que se aproxima que ninguén imaxinou que deambula afúndese na xunqueira volve persegue un destino abisal segue revélase ve alumea

un fulgor salvaxe treme, véxoo tremer na palma da miña man
pecho a man
ergo a vista
quen está na membrana da noite que en min non se deixa esgotar?

Un lugar avanza nunha dirección vaise adiantando a si mesmo e o territorio que deixa atrás enxúgase eviscerado cae despréndese á maneira dun deserto sílice que se volve area ao contacto co aire; apóianse as engurras unhas sobre das outras e aos meus ollos ábrese a superficie entre as pedras dígame así é como se perde un corpo un feital ardido polos seus bordos límites delourados dun campo de fentos que non existe

Outro lugar

avanza en dirección oposta desprega dende si a súa arborescencia mariña parece dicir a palma que estendo dóuvola tomádea despóxome e emprendo o vieiro das augas coas súas naturais envolventes despídome son a carballeira oceánica que danza unívoca e ondula doce como o faría unha amorosa festa de dátiles aínda vinculados á palmeira abaneando en conxunto para pintar sobre o ceo o seu ritmo amarelo - Ese lugar semella alguén dono de si desa maneira transparentan os seus movementos sombras coma mananciais torrentes cos que tece a súa propia linguaxe os seus propios cabelos bucles líquidos de linguaxe cabelos de escuma cando ascende - O lugar en que danza a carballeira atlántica é o dominio do paraíso

Salta dixo cabaliño branco, o perseguidor de horizontes,
entrarás no eco nun tal eco interior dixo
e pola campá dun estraloque purpúreo
cabaliño segundo introduce o seu mundo no mundo secreto
dunha flor, cabalga experto en atravesar linguaxe
afeito a escoitar que alguén di
este cabalo é morto este cabalo é cego
entón el componse e di
este cabalo despreza a mirada de obsidiana puída coas
conversas da herba baixo o trebón
co peso do sol sobre os campos
e fai os nervios das extremidades súas manifestarse
para acadar o camiño dun estraloque por dentro ou
a carreira cara a un lago ou o voo paralelo
ao dunha garza ou o sobrevoos dunha cidade
que se ramifica que se dilata e con ela
cabaliño segundo vence os mapas a orografía

pero cómo percute no seu propio circuíto lacrado aquel
terceiro cabalo en fuga
que se desensortella de si mesmo
perde as partes racha
devora os restos quere o impulso
e soamente ve
esta luz inmóbil no medio da caída

(serie inédita)

Desde esa área matriz camiñaron
o trigo ondulábase indiferente
inconmovíbeis o mundo e o trigo
seguían o seu deambular máis alá despois
de todo este alento de linguaxe
de tempo mutuo
chairas horizontes sucesivos

É o momento, débese dicir:

O limiar da mirada que acadaban
acadábano como bóveda transparente
en que todo se reproducía, vían
as imaxes correr
bala que se extraviaba, así as figuracións
disto que quizais estivese sucedendo, non
estaba sucedendo, vedes
non vedes como se derramaban
derrubábanse

O que dous vían é precisamente o mesmo
que non podían ver

Refirome a un panóptico de quimeras
non a un misterio, en concreto
a un puro mecanismo de visión transcendente
entre o que dous seres poden
entre o que dous seres poden facer
precipitar nesta
nunha conversa ou planicie

Todo o que se di é o tempo
clausurado en poucos días en infinitos
días que se enxergan nesa bóveda e
ela querendo conducirse
querendo redondearse, selar

Nela está o arco do arqueiro
coa súa invisíbel
metade
reproduce
un encontro inatinxíbel
xa cifrado sobre a pel e sobre a sombra
xa que sempre a súa gorxa
xa que cada ferida tecéndose de óxido
xa que os ecos en conxunto foron
ardendo nas voces xa que
coas tempas somerxidas
xa que no horizonte
xa que seres nacidos coma unha daga
que se afiou lonxe
xa que agora parecen estar coma un
pobo esquecido cuxas árbores coñecen
o principio das estacións
de todas as neves e puido esa xente
ver pasar
outras formas de fame namorada
outras coma eles namorados:
afianza este verso, non o deslices

xa que de amatista as mans convértense
e coma ela ábrense
e coma ela a punta dos dedos
ultravioleta resga e enumera

faltan tres días
xa que este corpo tan lonxe
dese corpo tan presente:

que nada se mova
quixera

repite

quixera
o xunco flexionarse pero non partir en si
quixo dicir, coma unha cartilaxe de palabras
elásticas que se desprega e córvase libre:

que nada se mova

61

Tal foi o seu desexo:
a senda do río da noite converxía
no hemisferio do arqueiro
o arqueiro é máis do que a frecha pode soste
é a suma de dous e é máis do que dous
puideron soste
nese corazón-fábrica
produción interminábel dun ceo que se furga
a si mesmo
ceo escarvado máis alá do ceo
sangue entre os seus ollos e os meus

Aos seus labios os meus

Ninguén soubo dicir o seu propio nome
cando dous entraron

cando unha pinga sen orixe de auga
cae sobre a trama urbana
xa nada coa mesma latencia anterior para
compararse nada que se compare con cousa
que se despreza

Agora que son materia acoplada aos ósos,
agora están no mesmo sitio do mundo
que antes ocupaban?

Nunha galería que avanza cara a
abaixo por baixo cara ao
núcleo, un sol de cristal
nada sabían de si mesmos
tan só
este afundimento insomne que vagamente
podo lembrar revestido
da súa propia textura:

se te tocas
aínda podes tocar a pel do noso caer

Aquí e alí íase desprazando o tempo
e a fractura do tempo
a cronoloxía estaba suspendida
por unha razón precisa:

abrazo é un dicir de dous
non acontece un suceso e despois outro
é máis ben unha duración no soño

Tous les désirs sont abolis [no abrazo]
e así falo dun momento alongado ata
a súa fractura

Había tempo a través e había de súpeto
a súa propia discordancia
esa perturbación bolboretas nocturnas
enfermas aves noitébregas
distingúelas e non as distingues do que ves
o que ves es ti mesmo
pero emiten o seu son doente dunha
invisíbel enfermidade
o seu escuro son

que brilla nas longas noites do océano

Se advirtes a aresta partida entre nós
poderás soste
sobre os teus brazos despregados
a deriva dun río oculto
caudal que foi perdido
extraviado dos mapas
secreto vai atravesando a medula
da túa cidade á miña, vai
navegando o centro da terra
vía secreta de auga
en silencio para o mundo
que nos alía
non a deixes

non a deixes caer

Dúas aves doentes
dunha invisíbel enfermidade
non albergan xa máis nada para dicir

64

non hai silencio que non posúan
nas longas noites da chaira

En *chairas sucesións* (Chan da Pólvora, 2023)



Oliver Laxe

Oliver Laxe Coro (París, 1982) é un destacado cineasta galego, alén de guionista e actor ocasional. A poética presente nas súas imaxes convertiuno no primeiro non-poeta *stricto sensu* que participa no Rosalía en Camiño. As súas tres primeiras longametraxes son estreadas e premiadas no Festival de Cannes. A última delas, *O que arde* (Premio do Xurado da sección “Un certain Regard”) foi o primeiro filme en galego proxectado en Cannes. Tamén dirixe o centro de desenvolvemento rural *Casa Quindós*, na aldea ancaresa onde filmou esta fita. Está a piques de estrear *Sirât*. A seguir, unha selección de textos realizada para este evento que traza a súa visión do mundo a través da poesía.

En tanto os carros sin parar chirraban,
mentras ó seu compás os carreiros
despaciosos cantaban;
e aquí a fonte corría,
alá nunha canteira resoaban,
metálicos, os picos dos pedreiros.
Máis preto, os cans ladraban
i antre a follax o vento rebulía
indo das encanadas ós outeiros...
¡Canta paz!, ¡canto sol!... ¡Canta alegría!...

Follas novas, Rosalía de Castro

Non son poeta coma ti Rosalía, xa que nin escribo nin glosó.

Brinco eiquí nos Ancares, na muralla da Galiza.

Os mozos da montaña xa non desafiamos a morte nin a trascendemos entrecruzando navallas coma hai ben pouco, mais seguen resoando en nosoutros eses ecos tribais e guerreiros. O noso xesto segue a ser silvestre, a nosa mirada, brava. Temos raíces que cavan na pena das nosas searas, como as uces e os piornos, como as silvas. Temos espiños coma os ourizos, mais tamén doce froito.

Por iso creo que me convidaron á túa morada prezada Rosalía, porque os poetas son ante todo seres radicais. Radicais porque teñen raíz, porque o seu horizonte último é o de fundirse no Rumor e desaparecer.



A miña avoa Manuela Quindós Méndez, muller labrega á que tanto cantaches, cruzando o corral da miña casa a mediados dos anos 80. [Foto Jacinto Laxe]

No comezo foi o lume o estrondo o quebranto o raio
transparente

Entón aconteceu o mundo inevitable

Por embaixo bole o lume a combustión o insufrible Arde o
centro da gravidade Todo é lume a empurrar e empurrar
Move os lindes que o envurullan e apreixan Puxa brinca
faise furado mar quente lava

Arde o lume con desespero Quere ser materia estrema e loita
contra si mesmo Lume contra lume que se fai lume e rebenta
A grande explosión

Por enriba o planeta bagulla respira e arrefríase A terra faise
opaca faise terra e rocha O ar faise ar e nube As augas
retíranse e xermola a pedra o cuarzo a mica o feldespato
Trastalla o sólido traza agarradas co líquido As partes
brandas deixan a súa pegada sobre as partes duras

Ferve o caos e a xeoloxía Os continentes aboian esbarran
Comezan tatean e derivan ocupan coordenadas meridianos
e paralelos O azar suma paciencia e exactitude pero nada
ten nome aínda nin hai tempo ou medida nin aínda existe
a historia O mundo é ceibe por máis que a ausencia de
liberdade semelle o seu destino

Desexo ser mapa asentamento Rachan serras montañas
puxan contra montañas montan unhas por enriba das outras
Rompen as fontes os ríos socavan leitos de pedra e lama os
penedos caen e rolan Derrámanse forzas furiosas É tempo
de fuga e de lameiras que medran lentamente

A epopea das augas

A gran epopea das augas Nubes choivas mares neve fontes
regatios ríos pozas Ósculos lentecidos que baixan polas
ladeiras e mollan pastos e charcas O mundo rompe augas
Brotan lumes e escuridades O tempo faise leito e o leito faise
conca e arrastra sementes vermes e miñocas

O mar ralba faise onda faise espuma e esfaragúllase sobre a area

Medran as árbores castiñeiros nogueiras carballos piñeiros
mansos para facer caixas de defuntos piñeiros silvestres
alerces o teixo de Córneas tamargueiras acacias negras
árbores do amor magnolias loureiros faias cerdeiras acivos
figueiras sobreiras cerquiños a tileira de folla pequena coa
que Alcira facía tisanas para os catarros xenebreiros no Nadal
ameneiros como viraventos abeleiras para paus das espadas
salgueiros negros ou choróns bidueiros chopos baixo os que
O Poeta bicou por vez primeira freixos mimosas coas que
enterrar os pais Árbores de froito e sombra

Os ríos escavan furan choutan golpean barranqueiras e gorxas
remansan acougan fan vales e lagoas fan leito trollos gándaras
croios alargos samieiras pozas

O sol trebellante adianta polas corredeiras da mañá Vai unha
friaxe parroquial Os galos apuran as súas gorxas vermellas a
brétema remelona o seu manto as vacas acordan catatónicas
as ras lávanse as ancas con présa O ferreiro sácalle luz ao
martelo tin tin tin O ferro quente marca o ritmo do canto

69

Tin tan tin tan tin tan tin tan

O ruído medra e medra como unha bóla de neve e de estrondo
os paxaros calan e escoitan espreitan quedos e intelixentes
forman xuntanza xeral para falar do estado da cuestión

É o mundo que se desfai e medra medra e desfai vai e volve
volve e morre e volve Eu hei de morrer cando queira dixo o
avó do Poeta Hei de morrer cando queira dixo e unha negra
sombra sorriu ao seu carón

O gran poema, Tino de Féliz

Os portóns da palleira están abertos e preparados,
A herba seca do tempo da colleita carga o lento e
mirrado carro,

A luz clara xoga nos vaivéns do marrón cincento verde,
Os feixes están amoreados ata crebar o palleiro;
Estou aquí, vin tendido sobre a carga,
Sentín os seus suaves balanzos, unha perna sobre a outra,
Salto desde as trabes e apreixo o trevo e a alfalfa,
Dou tombos de gato e o cabelo enrédase de pallas.
